

Lugar Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo

Entrada Gratuíta ata completar a capacidade

Cada nena ou neno debe de vir acompañado dunha persoa adulta como máximo debido á limitación da capacidade da sala. O acceso será por orde de chegada ata completar a capacidade. Non se permite a reserva de asento.


.....> **Canta miña pedra canta**

Cía. Xoan Curiel e Charo Pita

Este é un espectáculo teatral, musical e de narración oral, con elementos de participación activa do público asistente.

Xoan Curiel e Charo Pita forman un tándem cunha proposta na que representan a dous estudiosos que van dar unha conferencia acerca dun coñecido autor galego. Mentres agardan polo tren contarán contos e cantarán cantigas.

Unha comedia teatral infantil en constante diálogo co público que fará disfrutar a toda a familia.



sáb.

16

18:00 h

idade **+5**
50 min.



decembro/2023



.....> **Experiencias**

compañía Mago Rafa

A maxia é unha arte que non se aprecia a primeira ollada. Outras artes materialízanse en pinturas, esculturas..., pero a maxia prodúcese na mente de cada espectador/a, é unha arte baseada na experiencia que vivimos, xerando unha ilusión que perdura no tempo.

Experiencias é un espectáculo que mestura o mundo do real e o dos soños. Grazas á proximidade que se establece co público desde o primeiro minuto créase un clima distendido e emotivo no que miles de sensacións e emocións flúen en todos os sentidos, facéndote vivir, en cada xogo, unha auténtica experiencia.



sáb.

23

18:00 h

idade **+4**
60 min.

.....> **A cazola de Lola**

compañía Tanxarina Teatro

“Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por que.

Por causa de este cazo, Lola xa non é de todo coma os demais.

Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico. A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes.

E atópano raro... Ademais, o seu cazo complícalle a vida.

Afortunadamente existen persoas maravilosas, só fai falta dar con unha delas...”



sáb.

30

18:00 h

idade **+4**
50 min.

Organiza



Copatrocinada





No concello de Betanzos cremos que o Nadal é tempo de regalar, divertirse, imaxinar... por iso, e porque nos gusta reciclar e reutilizar, aquí tes este teatriño moi, pero que moi, betanceiro.

Instrucións:

1. Recorta pola liña de puntos o interior do teatriño e este lateral do folleto.
2. Ata un cordón entre dúas cadeiras (pero antes pídelles permiso aos teus pais) e colga o folleto/teatriño con dúas pinzas da roupa.
3. Recorta os personaxes pola liña de puntos.
4. Pega un paliño pola parte de atrás do personaxe cun fiso. Servirache de mango.
5. Comeza a función.

NYNDIÑO PÉÑEZ O BOO



A RAÍÑA DA FESTA



O LEÓN DO PASATEMPO



O DEMO DA DANZA



O CAN DE SAN ROQUE



Organiza



Copatrocina



Lembra que podes recortar e reutilizar este cartel e convertelo nun xogo. Ti inventas a historia. Reutilizar é outra forma de coidar o medio ambiente.



Podes sacarlle unha foto ao folleto e enviar un WhatsApp, un email... para que os teus amigos se divirtan nestas tardes de teatro.